

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12006 *Real decreto 895/2013, do 15 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1431/2003, do 21 de novembro, polo que se establecen determinadas medidas de comercialización no sector dos aceites de oliva e do aceite de bagazo de oliva.*

España, como líder mundial na produción de aceite de oliva, ten un firme compromiso con todas aquelas medidas que contribúan a reforzar a competitividade deste importante sector.

A canle Horeca, entendida como o conxunto de establecementos do sector da hostalaría e a restauración e dos servizos de cátering, contribuíu a pór en valor e achegar o aceite de oliva español aos seus clientes.

O Plan de acción sobre o sector do aceite de oliva da Unión Europea establece unha serie de medidas encamiñadas a mellorar a competitividade do sector oleícola, entre as cales se encontra estimular os Estados membros a exixir a utilización de envases que non permitan o reenchemento na canle Horeca.

Esta medida persegue continuar avanzando na garantía da calidade e autenticidade dos aceites postos á disposición do consumidor final. Así mesmo, ten como obxectivo mellorar a imaxe do produto, en particular das denominacións de orixe protexidas e indicacións xeográficas protexidas e das marcas produtoras consolidadas no mercado, e informar mellor o consumidor sobre as características do aceite que se pon á súa disposición.

Considérase que o Real decreto 1431/2003, do 21 de novembro, polo que se establecen determinadas medidas de comercialización no sector dos aceites de oliva e do aceite de bagazo de oliva, é o marco idóneo para incorporar no ordenamento xurídico nacional a exixencia de envases non reenchibles na canle Horeca, polo que resulta necesaria a súa modificación.

No proceso de tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados e emitiu informe favorable a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Dado o carácter marcadamente técnico dos requisitos regulados na presente disposición e a necesidade de establecer un marco normativo que garanta a unidade de mercado, o instrumento idóneo para os establecer é o real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de novembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1431/2003, do 21 de novembro, polo que se establecen determinadas medidas de comercialización no sector dos aceites de oliva e do aceite de bagazo de oliva.*

O artigo 4 do Real decreto 1431/2003 do 21 de novembro, polo que se establecen determinadas medidas de comercialización no sector dos aceites de oliva e do aceite de bagazo de oliva, modifícase nos seguintes aspectos:

Un. O título do artigo 4 modifícase polo seguinte: «Etiquetaxe e envasado».

Dous. Establécese un novo número 2, pasando o punto existente a numerarse como 1, coa seguinte redacción:

«2. Nos establecementos do sector da hostalaría e a restauración e nos servizos de cátering, os aceites poranse á disposición do consumidor final en envases etiquetados e provistos dun sistema de apertura que perda a súa integridade tras a súa primeira utilización.

Os envases que, pola súa capacidade, se poidan pór á disposición dos consumidores finais máis dunha vez disporán ademais dun sistema de protección que impida a súa reutilización unha vez esgotado o seu contido orixinal.»

Disposición adicional única. *Aplicabilidade do réxime xurídico vixente sobre envases e residuos de envases.*

O presente real decreto non afectará a plena aplicación do réxime xurídico vixente sobre envases e residuos de envases, establecido pola Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e o Real decreto 782/1998, do 30 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.

Disposición transitoria única. *Utilización de existencias de produtos adquiridos antes da entrada en vigor deste real decreto.*

Os aceites de oliva e os aceites de bagazo de oliva adquiridos polo sector da hostalaría e a restauración e polos servizos de cátering antes do 1 de xaneiro de 2014 poderán seguir poñéndose á disposición do consumidor final até o 28 de febreiro de 2014.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014.

Dado en Madrid o 15 de novembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN